

HIXIENE, PROTOCOLOS, E XESTIÓN DA COVID-19

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos



HIXIENE, PROTOCOLOS, E XESTIÓN DA COVID-19

Plan de **prevención**
da **transmisión** da
COVID-19
nos centros educativos




HIXIENE PERSOAL. LIMPEZA E DESINFECCIÓN. MEDIDAS PARA MANTER A DISTANCIA DE SEGURIDADE. PROTECCIÓN COLECTIVA. PROTOCOLOS XERAIS DE LIMPEZA EN CENTROS DE TRABALLO. XESTIÓN DE RESIDUOS.

Páxina 5	1. HIXIENE PERSOAL
Páxina 9	2. LIMPEZA E DESINFECCIÓN
Páxina 11	3. MEDIDAS PARA MANTER A DISTANCIA DE SEGURIDADE
Páxina 14	4. PROTECCIÓN COLECTIVA
Páxina 18	5. LIMPEZA E DESINFECCIÓN
Páxina 20	6. VENTILACIÓN DO CENTRO
Páxina 22	7. XESTIÓN DE RESIDUOS




1. HIXIENE PERSOAL

- Hixiene de mans de xeito frecuente e meticuloso con auga e xabón, durante polo menos 40s, ou no seu defecto, con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20s. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.



- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do codo e sempre afastándose do resto das persoas. Tras isto débese realizar a limpeza das mans.



- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.




- Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.




- A obriga anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.


- O seu uso será obrigatorio no transporte escolar colectivo a partir dos 6 anos, e recomendable de 3 a 5 anos.



- Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como andeis ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome. Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito máis individualizado posible.



- Será necesaria manter unha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido. Extremar as medidas de hixiene de man e evitar tocar o nariz, ollos e boca). Realizar limpeza entre o uso dun grupo e outro.



2. LIMPEZA E DESINFECCIÓN

- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans e o posto de traballo ou ferramentas, materiais e equipos antes e despois do uso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.



- O uso de luvas non é recomendable en xeral, e debe limitarse ao persoal de limpeza no momento de utilizar substancias abrasivas para a pel, así como ao persoal auxiliar técnico educativo naqueles usos de asistencia á hixiene persoal do alumnado atendido, tal e como se viña facendo antes da emerxencia sanitaria. As luvas serán postas, retiradas segundo a instrucións previstas na infografía e refugaranse na fracción resto.

- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.




- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestaráselle especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.



- Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans, instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.

3. MEDIDAS PARA MANTER A DISTANCIA DE SEGURIDADE

- Mantérase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1'5m nas interaccións entre as persoas no centro educativo.




- A distancia que hai que manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula, para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras. Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas nos parágrafos anteriores adoptaranse as seguintes medidas:
- Retíranse o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible.
- Sempre que sexa posible, utilizaranse aulas alternativas de especialidade que teñan maior dimensión, tales como laboratorios, aulas de música ou similares.

- Na etapa de **Educación Infantil**, e nas unidades e centros de **educación especial**, conformando grupos estables de convivencia:
 1. Na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos.
 2. Os grupos traballarán cun distanciamento físico, con carácter xeral, de polo menos 1'5 m respecto dos restantes grupos.
 3. Sempre que sexa posible usarse a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.
 4. Nas escolas unitarias, aulas unitarias de CRA, unidades e aulas de centros de educación especial e aulas de educación infantil cun número entre 5 e 10 alumnos poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.



- Nas etapas de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato e Formación Profesional establécense as seguintes medidas de conformación das aulas:
 1. Con carácter xeral, os postos escolares manterán unha distancia de polo menos 1'5m respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira. Se fose preciso retirárase outro mobiliario como andeis ou colgadoiros que limiten o espazo dispoñible.
 2. Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
 3. Cando o tamaño da aula ou taller non permita a distancia, con carácter xeral, de 1'5m entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardala. Noutro caso, poderase habilitar o espazo dispoñible mediante a utilización de mamparas de separación sempre que se respecte unha distancia mínima de 1m respecto dos postos que o rodeen, medidos dende o centro da cadeira. Así mesmo, nos talleres de Formación Profesional e ensinanzas de Réxime Especial, cando proceda, polas características da actividade e non se poida manter a distancia, con carácter xeral, de 1'5m, adoptaranse como medida adicional o uso de pantallas de protección facial.



4. Cando non sexa posible ningunha das accións anteriores desdobrarase o grupo.

4. PROTECCIÓN COLECTIVA


- A medida básica de protección individual e colectiva é o uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo.



- Nas entradas dos centros dispórase de produtos de hixiene que lles permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.




- Realizarase a entrada e saída graduada do centro educativo ou, no seu caso, estableceranse medidas organizativas como a entrada ao recinto por portas ou espazos diferenciados ou outras que permita evitar aglomeracións.
- En todas as aulas, na zona máis próxima á porta desta, colocarse un dispensador de xel hidroalcohólico.
- Deben establecerse distancias mínimas de seguridade (salvo as excepcións das aulas sinaladas anteriormente) de polo menos 1'5m, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.




- Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecerase unha distancia mínima de 1'5m entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc).
- Priorizarase a comunicación coas familias mediante teléfono, correo electrónico, mensaxes ou correo ordinario e facilitarase as xestións telemáticas. As familias poderán entrar ao edificio escolar en caso de que o profesorado ou o equipo directivo así o considere, cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene e, en ningún caso se presentan calquera síntoma compatible con COVID-19.

- Dentro da información que lles hai que subministrar ás familias o alumnado e o persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso. Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras.



- Priorizarase na medida do posible a utilización dos espazos ao aire libre para a realización das actividades, educativas e de ocio, tanto dentro do centro educativo como outros espazos fora deste.
- Procurarase reducir ao mínimo os desprazamentos de grupos de alumnos polo centro, facilitando no posible que sexan os profesores os que acudan ás aulas.
- Evitaranse as reunións presenciais tratando de realizalas de xeito telemático. Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas que sexa posible, se realicen de xeito telemático.
- Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade. Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.

- No caso do **transporte escolar colectivo**, será de aplicación a normativa vixente respecto a medidas preventivas fronte a COVID-19. Asignaráselles asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar, salvo que, baseándose na situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo deste.



- Sempre é **mellor** utilizar un medio de **transporte individual**.
- No **transporte compartido** precísase **máscara** se os ocupantes non conviven no mesmo domicilio.
- **Camiñando** ou en bicicleta é obrigatoria a **máscara** aínda que se poida garantir a **distancia** de 1,5 metros.
- Na **moto**, cando viaxen dous ocupantes, deberán levar máscara ou casco integral cando non convivan no mesmo domicilio.




5. LIMPIEZA E DESINFECCIÓN

- Cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características.
- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.




- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

- Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.



6. VENTILACIÓN DO CENTRO

- O método preferido para a ventilación das aulas será a ventilación natural.
- Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.



- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.
- Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.

- No caso de non ser posible a ventilación natural, poderanse utilizar equipos extractores ou impulsores individuais cun caudal de aire adecuado de acordo coa valoración dun técnico competente.
- Naqueles casos nos que non sexa posible aplicar os métodos anteriores, e de xeito totalmente excepcional, poderán utilizarse os purificadores con filtros HEPA. A súa utilización require dun informe técnico especializado (especialmente para realizar o estudo oportuno sobre as características das aulas, o volume do aire, a ocupación, etc.) solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.



7. XESTIÓN DE RESIDUOS

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento das medidas de hixiene respiratoria sexan depositados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

BIBLIOGRAFÍA

- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. Dispoñible en:
<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/32344>



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA